

## **Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal**

**Ficha documental da epistola de Xoán Manoel Pérez, a Lois Tobío Fernández do  
11/03/1975**

**Colección:**

**Data:** 11/03/1975

**De:**

Xoán Manoel Pérez;

**Para:**

Lois Tobío Fernández;

**Orixe:**

Belgrano, 2199 (de enderezo), Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional)

**Destino:**

Bonetero, 5, 1º (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada, con dúas sinaturas autógrafas (Xoán Carlos S. Rodríguez, secretario e Xoán Manoel Pérez, presidente) e con membrete: CENTRO GALLEGO DE BUENOS AIRES].

**Mencionados:**

Castelao;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## **Transcripción da epistola de Xoán Manoel Pérez, a Lois Tobío Fernández do 11/03/1975**

CENTRO GALLEGO DE BUENOS AIRES  
BELGRANO 2199 (R. 75)

Buenos Aires, 11 de marzal de 1975.-

Señor  
Luis Tobío Fernández  
Bonetero 5 - 1º piso  
MADRID (16) HESPAÑA

Distinto señor:

Teño a honra deme dirixir a vosté pra lle manifestar que, a proposto do noso Instituto Argentino de Cultura Gallega, iste Centro acordóu reaizar, ao longo diste ano, unha serie de homenaxes a esgrevia figura do sobresaínte artista, escritor e patriota galego Alfonso R. Castelao, por se cumprire o 25º Cabodano.

Antre ises homenaxes, figura o adicarlle a edizón dun número extraordinario da nosa revista GALICIA, coa colaboración dos máis relevantes inteleituáis galegos. A ise efeuto, sendo vosté un déles e sabéndoo admirador de tan insigne groria de Galicia, permítome pregarlle queira arrequecer o devandito número extraordinario, coa valiosa colaborazón sua. Tamén lle prego que a mesma nola envíe denantes do 30 do vindeiro mes de abril.

Nosa revisa GALICIA mándase gratis ós socios deste Centro Gallego de Buenos Aires como asimesmo ás bibliotecas e centros culturáis de Arxentina e América, e ás entidades galegas da penínsua e resto do mundo.

Coñecedor da súa devoción pola obra e persoalidade de Castelao, non dúbido da boa acollida que vosté emprestará a iste prego, polo cal de antemán lle agradezo afervoadamente.

Prácame saudar a vosté ca maior consideración

Xoán Carlos S. Rodríguez [sinatura autógrafa]

Segretario

Xoán Manoel Pérez[sinatura autógrafa]

Presidente

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.